



## CONCURSO EIS DE GUIÓN PARA CURTAMETRAXE POLA IGUALDADE

### BASES:

#### I CONCURSO EIS DE GUIÓNS DE CURTAMETRAXE POLA IGUALDADE PARTICIPANTES, TEMÁTICA, CONDICIÓNNS E PRAZOS DE PARTICIPACIÓN

Convócase de novo este concurso, por declararse deserto o premio na convocatoria anterior. O concurso vai dirixido a todo o que queira participar.

A temática dos guións versará sobre a igualdade entre homes e mulleres e a eliminación dos estereotipos de xénero.

Os guións presentaranse no formato normativo europeo de guión literario. O formato electrónico será nun tratamento de textos compatible con Windows ou PDF.

O envío dos guións farase á seguinte dirección electrónica: [concursofotoigualdade@gmail.com](mailto:concursofotoigualdade@gmail.com), No guión non aparecerá identificación do autor, que se incluírá no texto do correo cos seguintes datos: Nome e apelidos, DNI, enderezo e declaración xurada de ser o autor orixinal do guión ou resguardo da entrega no rexistro de propiedade intelectual.

Os participantes ceden á organización do concurso todos os dereitos do guión para a rodaxe da curtametraxe e a súa completa difusión, participación en festivais e exhibición por calquera medio de reprodución

A/as obra/s presentaranse ata o 31 de marzo de 2020. A decisión do xurado farase pública na páxina web do CIFP Imaxe e Son de A Coruña e nas súas redes sociais (Facebook e Instagram) o máis pronto posible no mes de abril.

#### PREMIOS E COMPOSICIÓN DO XURADO

A curtametraxe será producido e rodado en formato profesional para exhibición en gran pantalla, cun equipo de produción acorde coas sensibilidades dos principios de igualdade, maioritariamente composta por mulleres profesionais de recoñecido prestixio (dirección, produción, fotografía, son...)

Establécese unha dotación para o premio valorado en 500 euros.

O xurado estará composto polo propio equipo de produción da curtametraxe (xefes/as de equipo) e profesores do CIFP Imaxe e Son de A Coruña en número por determinar, delegados pola comisión de Igualdade da EIS.

A presentación de traballos a este concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases.